

Resolución pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do Programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias da Vida

Por Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, 1 de febreiro de 2021) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador distinguido para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación, no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida

O artigo 11 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a cobertura do posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Daniel Rey García, catedrático da Universidade de Vigo no Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

Vogais:

Antonio Martínez Cortizas, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela no Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola.

María Teresa de Castro Rodríguez, profesora titular da Universidade de Vigo no Departamento de Física Aplicada.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que consta na marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

